

**BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 1º DE ESO A E B**  
**PLAN DE TRABAJO PARA A SEMANA DO 16 AO 20 DE MARZO**

**Isto é o que tes que facer na primeira clase desta semana:**

Utiliza o material que tes no libro de texto (unidade 7, páx. 126).

- Le atentamente os apartados:
  - 2.1 Os tipos de ecosistemas.
  - 2.2 O equilibrio dos ecosistemas.
- A continuación mira os seguintes vídeos:

<https://youtu.be/dB1KKBpYxvE>

<https://youtu.be/LKiuDzNEBfo>

- Agora contesta as preguntas:
  - 1) Cal é a principal diferenza entre os ecosistemas acuáticos e os ecosistemas terrestres. Pon un exemplo de cada un.
  - 2) Que se entende por ecosistema mixto. Pon un exemplo.
  - 3) Cales son os principais factores que condicionan os ecosistemas terrestres?
  - 4) Cales son os principais factores que condicionan os ecosistemas acuáticos?
  - 5) Cando se considera que un ecosistema está en equilibrio?
  - 6) Intenta definir mecanismo de autorregulación. Poderías poñer algún exemplo de autorregulación dun ecosistema (mira o vídeo dos lobos do parque de Yellowstone).
  - 7) Indica cales son os principais cambios que alteran o equilibrio dos ecosistemas.
  - 8) Mira o vídeo equilibrio ecolóxico. Que fai o neno para perder o equilibrio? Que fai o neno para recuperalo?

**BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 1º DE ESO A E B**  
**PLAN DE TRABALLO PARA A SEMANA DO 16 AO 20 DE MARZO**

**Isto é o que tes que facer na segunda clase desta semana:**

Utiliza o material que tes no libro de texto (unidade 7, páx.127).

- Observa a imaxe do solo e le atentamente os contidos.
- A continuación mira o seguinte vídeo:

<https://youtu.be/i4iGOeCjF00>

- Agora contesta as preguntas:
  - 1) Con respecto ao biótomo do solo:
    - a) Di o nome de catro compoñentes abióticos do solo.
    - b) Cales son as características físicas e químicas máis destacadas do biótomo?
    - c) Ditas características son, máis ou menos estables que no exterior?
  - 2) Con respecto á biocenose do solo e ás relacións alimentarias:
    - a) Di o nome de catro seres vivos que podan habitar o solo. Sinála se o organismo escollido é produtor, consumidor ou descompoñedor.
    - b) Fai unha rede trófica seres vivos elixidos no apartado a).
    - a. O solo é un recurso fundamental para o desenvolvemento dos ecosistemas terrestres, para a agricultura e para a gandería. Busca información sobre as consecuencias que ocasiona a perda de solo. Indica dúas.

**BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 1º DE ESO A E B**  
**PLAN DE TRABALLO PARA A SEMANA DO 16 AO 20 DE MARZO**

**Isto é o que tes que facer na terceira clase desta semana:**

Utiliza o material que tes no libro de texto (unidade 7, páxs128 e 129).

- Le atentamente os apartados 3.1 (A biodiversidade proporciónanos recursos) e 3.2 (A biodiversidade e o equilibrio do planeta).
- Complementa a túa lectura cas imaxes: Que nos proporciona a biodiversidade e A biodiversidade e o equilibrio do planeta.
  
- Agora responde as preguntas:
  - 1) Define biodiversidade.
  - 2) A biodiversidade proporciónanos recursos. Pon dous exemplos de cada un dos seguintes tipos de recursos que nos proporciona a biodiversidade:
    - a) Alimentos.
    - b) Medicamentos.
    - c) Materias primas.
    - d) Lugares de ocio.
    - e) Enerxía.
  - 3) Indica que papel xogan as plantas no mantemento da calidade do aire e na prevención da erosión do solo.
  - 4) Investiga: A principios do século XVII, na illa Mauricio vivía unha ave que non podía voar, o dodo. O dodo alimentábase dos froitos dunha árbore, a calvaria. Cara á metade do século, o dodo desapareceu e observouse que as árbores envellecían sen deixar descendencia aínda que florecían e daban froitos con normalidade. Cres que a desaparición do dodo tivo algo que ver no avellentamento da calvaria?

**BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 1º DE ESO A E B**  
**PLAN DE TRABAJO PARA A SEMANA DO 16 AO 20 DE MARZO**

**Isto é o que tes que facer na cuarta clase desta semana:**

Utiliza o material que tes no libro de texto (unidade 7, páxs130 e 131).

- Le atentamente os apartados 4.1 (A perda da biodiversidade), 4.2. (Causas da perda da biodiversidade) e 4.3 (A conservación da biodiversidade).
- A continuación, mira o seguinte vídeo:

<https://youtu.be/RVnkkJaCuRo>

- Agora responde ás preguntas 1,2,3, 4 e 5 da páxina 131 do libro de texto.